



VII CARREIRA NOCTURNA RINLO-RIBADEO

SÁBADO 23 DE AGOSTO DE 2025 ÁS 21:45

REGULAMENTO DA PROBA

- A carreira está organizada polo Club Atletismo Ribadeo.
- Poderán participar na proba absoluta todas aqueles que o desexen sempre que teñan 16 anos o máis.
- Establecese un límite de 700 participantes na suma de tódalas categorías.
- Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañad@s.
- Será obrigatorio o uso do dorsal que deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel, collido polas 4 esquinas, con calquer medio de suxección. O dorsal será de uso exclusivo polo seu propietario/a e totalmente intransferible. Os corredores/as que o fagan sen dorsal ou sen o dorsal que lles corresponda pola inscrición farano baixo a súa responsabilidade e serán descualificados/as.

A Organización reservase o dereito a tomar as medidas oportunas, de conformidade con a lexislación que resulte aplicable neste senso e iniciaranse as accións civís, penais ou administrativas que corresponda, para esixir a responsabilidade do infractor/a.

Todos/as os corredores que comentan irregularidades con respecto ao REGULAMENTO da proba, serán identificados/as como “ corredores infractores”, apuntados, identificados e expulsados polo persoal de seguridade (voluntarios/as) no exercicio das súas facultades atribuídas para tal efecto, obtendo dos mesmos, os datos de identificación, fotografías, etc., que serán utilizados con o fin de emprender accións legais que correspondan, mesmo no caso de que se teña coñecemento das infraccións con posterioridade á celebración da proba deportiva.

- O circuío será controlado pero non pechado ó tráfico polo que se prega aos participantes tomar as debidas precaucións.

- En todas as probas, dende benxamín a absoluta, será obrigatorio a utilización do chip de cronometraxe fornecido pola organización.

- Todos os participantes polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome como da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e na internet.

- Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións. A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

- Na carreira absoluta será obrigatorio o uso de frontal de luz, propio ou o entregado pola Organización, que o atleta dederá escolher entre o frontal ou outro agasalho no intre da inscrición e aconsellable o uso de reflectores. A non observancia desta norma implicará a descualificación d@s infractores/as.

- A entrada en meta pecharase ás 23:00. Todo atleta que non entrase en meta a esa hora deberá abandonar o circuíto e se decide continuar farao baixo a súa responsabilidade.
- Nas probas de menores será obrigatorio cubrir o modelo de autorización polos titores legais dos mesmos.
- Disporase de servizo de autobús para desprazar aos atletas dende a Vila de Ribadeo (Meta) ate a Vila de Rinlo (Saída), debendo ter que anotarse, todo o que desexe utilizalo, no momento da inscrición. A derradeira viaxe do bús estará estrictamente reservada para as categorías Infantil e Cadete. Os horarios e punto de partida publicaranse na páxina de facebook do club (www.facebook.com/clubatletismoribadeo) e cumpriranse estrictamente o horario publicado.



- Calquera outra información de interese, posibles modificacións, etc., publicaranse na páxina de facebook do clube (www.facebook.com/clubatletismoribadeo).
- A organización da proba reservase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia contemplada ou non neste regulamento.

CARREIRAS DE MENORES

Desputaranse a partires das 20:00 no entorno do Parque de San Francisco e a Casa do Concello. (zona do Cantón), agás as categorías Infantil e Cadete sendo a saída no Faro de Illa Pancha.

As categorías, distancias e horarios son os seguintes:

Categoría de Pitufos: 2020 e posteriores 60 metros 20:00

Categoría de Prebenxamín: 2018/2019 150 metros 20:05

Categoría de Benxamín: 2016/2017 350 metros 20:15

Categoría de Alevín: 2014/2015 600 metros 20:25

Categoría Infantil: 2012/2013 2.500 metros 21:30

Categoría Cadete: 2010/2011 2.500 metros 21:30

HAI QUE ESTAR OBRIGATORIAMENTE NA LIÑA DE SAÍDA DE CADA PROBA 10 MIN. ANTES.

CATEGORÍA ABSOLUTA

Disputarase as 21:45 e a saída será na Vila de Rinlo e a meta diante da Casa do Concello da Vila de Ribadeo, pechándose a entrada en meta as 23:00 e un percorrido dúns 9 kms. (Aprox.).

As categorías, tanto no apartado masculino como feminino, son as seguintes:

Xuvenil: 2007/2009

Junior: 2003/2006

Senior: 1991/2002

Veteranos/as A: 1981/1990

Veteranos/as B: 1971/1980

Veteranos/as C: 1961/1970



Veteranos/as D: 1960 e anteriores.

Handbike: 2009 e anteriores.

HAI QUE ESTAR OBRIGATORIAMENTE NA LIÑA DE SAÍDA 10 MIN. ANTES.

INSCRICIÓN:

Categoría de menores: as inscricións faranse na seguinte web www.championchipnorte.com.

A categoría de Pitufo e Prebenxamín a inscrición será de balde.

As categorías Benxamín e Alevín terán un custe de 3 € dende o inicio da inscrición ate o 22 de Xuño do 2025. Do 23 de Xuño ate o 13 de Agosto, será de 5€. Do 14 de Agosto ao 20 de Agosto 2025, ás 23:59h., será de 8€.

As categorías Infantil e Cadete terán un custe de 5€ dende o inicio da inscrición ate o 22 de Xuño de 2025 e dende o 23 de Xuño ate o 20 de Agosto do 2025, ás 23:59h., será de 8€. Estas categorías terán dereito ao frontal agasallado pola Organización.

Carreira Absoluta: As inscricións faranse na páxina www.championchipnorte.com.

A inscrición na Carreira Absoluta terá un custe de 10,00 € dende o inicio da inscrición ate o 22 de Xuño do 2025. Do 23 de Xuño ate o 13 de Agosto do 2025, será de 15€ . Do 14 de Agosto até o 20 de Agosto 2025 ás 23:59h., será de 20,00€.

IMPORTANTE: Os corredores/as que aluguen o CHIP terán 1€ de aluguer e deberán depositar umha fianza de 5€ , que será devolta por CHAMPIONCHIP, despois de rematar o reconto dos mesmos.

AS INSCRICIÓNS PECHARANSE O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2025 ÁS 23:59 h.

Baixo ningunha circunstancia se farán inscricións fora de prazo.

PREMIOS:

Categoría de menores.

Na categoría de Pitufos e Prebenxamín recibirán umha medalla todo-los participantes.

Na categoría de Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete recibirán medalla ou trofeo os tres primeiros de cada categoría tanto en femenino como en masculino.

Carreira Absoluta.

Terán premios (trofeo ou medalla):

- Os tres primeir@s absolutos tanto masculino como femenino.
- Os tres primeir@s de cada categoría tanto masculino como femenino.
- Primeiro Ribadense (terá que levar como mínimo 5 anos censados no concello de Ribadeo). Será obrigatorio aportar **DNI e certificado de empadramento** onde se acredite tal circunstancia á hora de recibir o premio. En caso contrario non se terá dereito ao Premio.



- Primeira Ribadense (terá que levar como mínimo 5 anos censada no concello de Ribadeo). Será obrigatorio aportar **DNI e certificado de empadramento** onde se acredite tal circunstancia á hora de recibir o premio. En caso contrario non se terá dereito ao Premio.
- Tres primeiros equipos de clubs rexistrados como tal, no rexistro de “ entidades deportivas”, que estarán formados como mínimo por cinco atletas, tendo que ser dous atletas de distinto sexo (**equipo mixto**). Para a clasificación contarán os tres mellores tempos obtidos.
- Tódolos agasallos cedidos polos patrocinadores serán para as categorías que decidan a Organización atendendo aos intereses dos propios patrocinadores.

PERCORRIDO

A carreira absoluta terá un percorrido duns 9 kms. aproximadamente. A saída terá lugar no Porto da Vila de Rinlo e discurrirá pola estrada entorno á costa ata a Vila de Ribadeo, pasando antes pola Illa Pancha, Cargadoiro e entrará na vila pola Avenida Calvo Sotelo, Rúa Rodríguez Murias e Vilafranca do Bierzo, rematando diante da Casa do Concello.

ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE CHAMPIONCHIP.

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba na tenda de deportes DOCOBO (ATMÓSFERA SPORT), situada na rúa Virxen do Camiño, 6, en horario de 10:00h.- 13:00h. e de 16:00h.- 19:00h.

Baixo ningunha circunstancia se entregarán DORSAIS fora dos horarios mencionados.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA.

As duchas serán nos pavillóns deportivos do Concello de Ribadeo, do que se dará toda a información no facebook do club.

Na carreira absoluta agasallárase aos inscritos/as cumha camiseta conmemorativa da carreira e un frontal de luz ou outro agasallo a escoller no intre da inscrición xunto a umha bolsa do corredor/a con diversos agasallos. Para as Categorias Pitufos, Prebenxamín, Benxamín e Alevín recibirán a bolsa do corredor/a con diversos agasallos. As categorías Infantil e Cadete recibirán a bolsa do corredor/a con diversos agasallos máis o frontal de luz.

Non se garantirá os agasallos para os/as inscritos/as que o fagan despois do 31 de Xullo de 2025.

A VII CARREIRA NOCTURNA RINLO-RIBADEO2025 conta con un Seguro de Accidentes e de Responsabilidade Civil.

IMPORTANTE: NON SE ADMITEN TROCOS DE TALLA E NON SE ENTREGARÁN DORSAIS FORA DOS PRAZOS DE INSCRICIÓN PUBLICADOS.

INFORMACIÓN DE RESULTADOS.

Os resultados da carreira estarán dispoñibles na páxina web oficial da proba www.championchipnorte.com.

Ao tratarse dunha proba deportiva popular sen ánimo de lucro a organización non se fará responsable dos danos físicos, morais e de calquera índole que poidan sufrir os seus participantes e os seus acompañantes.



PERCORRIDO DAS PROBAS DE PITIFUFO, PREBENXAMIN, BENXAMIN E ALEVÍN. FARANSE ENTRONO O PARQUE DE SAN FRANCISCO E CASA DO CONCELLO.



CATEGORIA DE INFANTIL E CADETE.

A SAÍDA SERÁ NO FARO DE ILLA PANCHÁ AS 21:30 horas E A CHEGADA DIANTE DA CASA DO CONCELLO DE RIBADEO. (HABERÁ AUTOBÚS PARA DESPLAZAR @S ATLETAS QUE ASÍ O SOLICITEN AO INCRIBIRSE)



CARREIRA ABSOLUTA

A SAÍDA SERÁ NO PORTO DA VILA DE RINLO AS 21:45 horas E A CHEGADA DIANTE DA CASA DO CONCELLO DE RIBADEO. (HABERÁ AUTOBÚS PARA DESPLAZAR @S ATLETAS QUE ASÍ O SOLICITEN AO INCRIBIRSE)

